

## CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Data:** Venres, 2 de maio de 2025  
**Hora de comezo:** 10:00 horas  
**Reunión:** 16/2025

### **CONVOCADOS:**

**Presidenta:** Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona. María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Gregorio Luis Agís Gómez, Deputado do grupo provincial do PSOE
- D. Carlos Cuadrado Romy, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. María Belén Pampín Camino, Xefe da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 24 de abril de 2025 (Reunión 15/2025).
2. Dar conta do resultado da poxa celebrada para o alleamento, mediante poxa pública, de gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte. 2025006317).
3. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)". (Expte.- 2024057098).
4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)". (Expte.- 2024057098).
5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de impartición de formación dirixido a concellos de reto demográfico da provincia de Pontevedra co fin de impartir formación que capacite as persoas maiores de 50 anos en competencias dixitais e facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito de súa vida cotiá. (Expte.- 2025004056).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de impartición de formación dirixido a concellos de reto demográfico da provincia de Pontevedra co fin de impartir formación que capacite as persoas maiores de 50 anos en competencias dixitais e

facilite a súa relación coas administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito de súa vida cotiá. (Expte.- 2025004056).

*FORA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración da urxencia, tratáronse os seguintes asuntos:*

- *Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no Concello de As Neves e centro cultural dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte.- 2025004806).*
- *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino 2025. (Expte.- 2024068089).*

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.